





# Pepe da Roca

Manoel Barreiro

**F**alar dun dos Mestres da xeración anterior á miña (os outros foron Miguel Iglesias e Antón Avilés) resulta sempre un pracer aínda que paradoxicamente tristeiro polo feito da súa desaparición tan prematura, no caso dos tres.

A Pepe coñecinno alá polo principio dos anos cincuenta cando xa era seminarista ou estaba a piques de selo. Adoitaba vir con Manuela da Roca, súa nai, ata a miña casa de Vista Alegre á procura de verdura ou herba para os animais, e non sei ben se Agrelo viña por axudarlle a erguer o cesto cheo ou tamén para parolar un pouco coas miñas irmás. O feito é que me chamou a atención un rapaz alto, máis ben fraco e un pouco penso cara adiante, cunha voz moi característica... e moi falador. Algún tempo despois creo lembralo acompañando ó Cardeal Quiroga Palacios, probablemente nos últimos cursos do Seminario, cando a tanda da miña xeración foi confirmada na relixión católica (non che quedaba outra naqueles tremendos cincuenta...). Pasan os anos, esgotada a súa "vocación clerical", volvémonos atopar alá polo 1964 nunha moi activa comisión de festas de Santa Cristina, a nosa parroquia, e aquí xa se confirma o dinamismo que vai mover a Pepe como constante ata a fin dos seus días: comeza por montar unhas "rondas recaudatorias" cada fin de semana que producen a milagre de engordar un orzamento nunca coñecido na historia das festas parroquiais.

Tanto e así que cos cartos sobrantes puide-

mos permitirnos acondicionar unha pista de festas na denominada Cerca ou adro da igrexa de Santa Cristina en substitución dun infame terreo cheo de croios. Pero este feito é anecdótico; o realmente novedoso para aquel tempo é o carácter de acercamento á cultura popular que, por primeira vez teñen as festas cos concursos corais ou de mostras de aperos de traballo, desfile de carros do país, etc...premonición de toda unha vida de compromiso coa Terra, coa lingua, coas clases sociais máis desfavorecidas...

Distante de Galiza, retorno a finais dos setenta, en plena efervescencia política, e aquí me atopo a Pepe loitando en todos as fronteiras posibles que nos leven a reivindicar o noso País: como mestre incansable na procura de que o seu alumnado atope a propia identidade de clase e de nación, como autor, director e actor de teatro comprometido coa Patria, como espallador das ideas nacionalistas en momentos moi duros nos que tocaba ir desmontando aquilo de "Una, Grande y Libre" no medio dunha gran incompreensión social; no eido municipal; na loita sindical a diario; como escritor...

Non tardo moito en integrarme no movemento político e volvemos a xuntarnos, como concelleiros nacionalistas, na primeira lexislatura que comeza no ano 1979.

O ritmo que imprime Pepe en todas e cada unha das fronteiras nas que se move fainos exclamar con asombro a Eleuterio, a Cadaval, a



Mariano e a tantos e tantos compañeiros :”pero, de onde saca esa forza e esa resistencia o Pepe? Así é Pepe (quero adrede poñelo en tempo presente): un incansable “todoterreno” da CULTURA (así: con maiúsculas), un loitador que ó igual que o común amigo e compañeiro Antón , parece intuir que lle queda pouco tempo para desenvolver o programa de redención , de compromiso que ten proxectado para que a nosa xente poida algún día entender que non somos súbditos ou vasalos periféricos do estado e que, consecuentemente, poidamos sentirnos orgullosos do país, da lingua e da clase

social á que pertencemos. É moi difícil pensar en Agrelo e non ver a imaxe do presentador de un acto político, social, dunha homenaxe tanto ó máis senlleiro como ó máis humilde cidadán, presentando un libro ou unhas xornadas de historia, sempre facendo País...

En tempos de vácuas superficialidades, nos que tantos tanto tentan de ‘globalizarnos’ ter ó Agrelo como facho alumeado que nos amosa unha vía de espírito aberto, de universalidade, proxectada dende a nosa Terra é o mellor dos agasallos e, tamén, a mellor das homenaxes. ➡